

A palabra de hoxe é

veleiro

VELEIRO

Un veleiro é un barco que se despraza propulsado polo impulso do vento nas súas velas. O deporte co veleiro chámase vela e disputouse por primeira vez como deporte olímpico nos Xogos Olímpicos de París 1900.



A palabra de hoxe é

Volante

VOLANTE

O volante é a “pelota” de bádminon. É unha pelota semiesférica de cortiza, forrada de nailon ou de coiro, que leva prendidas na parte plana dezaseis plumas iguais, naturais ou sintéticas.



A palabra de hoxe é

Trampolín

TRAMPOLÍN

O trampolín é unha das tres disciplinas da ximnasia olímpica. Os ximnastas de trampolín realizan saltos, xiros, rebotes e volteretas en aparatos elásticos sobre os que collen impulso.



A palabra de hoxe é

Golf

GOLF

O golf é un xogo de orixe escocesa que consiste en golpear cun pau unha bóla para introducila cun mínimo de golpes en dezaioito buratos distribuídos ao longo dun campo cuberto de obstáculos.



A palabra de hoxe é

Escalada

ESCALADA

A escalada é unha actividade deportiva que consiste en subir unha parede rochosa dunha montaña ou unha estrutura artificial, utilizando as catro extremidades, con ou sen axuda de material.

